



Xuíces Galegos convocados para xulgar a Copa Portugal de San Huberto.

**PRIMEIRA TAÇA PORTUGUESA DE SANTO HUBERTO
PRIMEIRA FEIRA NACIONAL DE CAÇA E PESCA ÉVORA 2006**

Dentro do amplo programa de actividades da primeira **Feira Nacional de Caza e Pesca ÉVORA 2006**, celebrouse a primeira **Copa de Portugal de San Huberto**, na que actuaron como xuíces invitados por xentileza da Federación Portuguesa os galegos Marcial Ramil pola Real Sociedade Canina de España e José Lugris pola Federación Galega de Caza, que partían desde Ferrol o día 15 de setembro, e tras sete horas de viaxes chegaban a Évora.

Tras unha breve visita á Feira, na que por certo calquera afeccionado podía disfrutar e admirar todo tipo de produtos e complementos relacionados coa Caza e a Pesca –gastronomía alentejana, camadas de cans de tódalas razas empregadas no exercicio venatorio, piscina con troitas na que os máis cativos podían amosa-las súas habilidades coa caña, e sobre todo armerías, nas que se podía atopar desde o máis custoso dos rifles express, a escopetas finas de caza e parellas de “ojeo”, pasando polas semiautomáticas, superpostas e todo tipo de rifles para a caza maior-, procedíase á recepción dos “concorrentes”, que así denominan en Portugal aos concursantes, e tras degustar unha excelente cea, procedíase ao sorteo das baterías que competirían ao día seguinte.

A competición celebrouse nunha inmensa parcela, cuns campos excelentes para a modalidade, nos que participaron -durante os dous días que durou a proba- un total de 24 cazadores. Trala suma dos puntos acadados nos dous días de competición proclamábase vencedor José Damas con “Roi” (braco alemán), que realizou un percorrido brillante, poderoso, con amplos lazos e gran estilo.

O subcampeón da proba foi Antonio Sousa con “Flecha” (pointer), que pese a súa corta traxectoria neste timo de probas amosou que é unha firme promesa moi digna de ter en conta, a súa cadela foi a reina do porte e da andadura desta proba.

En terceiro lugar clasificábase José Antonio Carimo con “Shita” (epagneul bretón) que entusiasmou tanto ao público presente como aos xuíces.

Especial mención merece o percorrido de Alberto Henríquez e a súa cadela “Tina” (setter inglés), que na súa segunda intervención deixou marabillados a tódolos asistentes. Cabe destacar tamén a Joaquín Queirós e o seu can “Verón dos Potiños” (setter inglés), un habitual de tódalas probas deste tipo tanto en España como en Portugal. A nota simpática púxo a Cremildo Márquez, das Azores que participaba con Ator (epagneul bretón), ao que a deusa fortuna quixo poñer fronte a unha lebre que atravesou a España e non por iso deixou de cumprilo tempo que lle faltaba ao máis puro estilo bretón.

De extraordinarias poderíamos calificar case tódalas actuacións, á vista das cales os resultados a nivel internacional non tardarán en chegar.

GABINETE DE COMUNICACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
26.09.06
www.federaciongalegadecaza.com